

## ***Nas orixes das escolas ao aire libre. O caso italiano<sup>1</sup>***

***(The Origins of Open Air Schools. The Case of Italy)***

Mirella D'ASCENZO

Departamento d' Educatione 'G. M. Bertin'  
Università di Bologna (Italia)

RESUMO: A presente contribución ilustra o caso dunha primeira escola ao aire libre nacida en Italia, na cidade de Padua, no contexto do movemento internacional de creación de escolas ao aire libre en Europa e noutros lugares do mundo nos primeiros anos do século XX. Nela delinaremos o seu contexto, os seus animadores máis notábeis, as súas prácticas didácticas e as súas interrelacións coa cultura escolar do tempo.

PALABRAS CLAVE: Historia da educación; Escolas ao aire libre; Italia; Padua; Séculos XIX-XX.

ABSTRACT: In the context of the open air school movement which emerged in Europe and other parts of the world in the early 20th century, this article explores the first open air school established in Italy in the city of Padua. Here we discuss the contextual aspect, the most notable instructors, their teaching methods, and how these schools interacted with the school culture of the time.

KEYWORDS: History of education; Open air schools; Italy; Padua; XIX-XXth Centuries.

### **Introdución**

Durante a segunda metade do século XIX difundíuse por Europa o movemento hixienista que concentrou gran parte dos seus empeños científicos, sociais e civís na procura da prevención e coidado das enfermidades da xente. Unha actividade que implicou directamente tamén o mundo da educación e da escola, coa presenza de médicos, hixienistas e mestres que, ante as terribéis condicións de vida da infancia nas grandes cidades, comezou a solicitar a creación de institucións asistenciais unidas ás escolas, como as cantinas escolares, as colonias no mar e na montaña e as escolas ao aire libre.<sup>2</sup> Os debates suscitados e as realizacións foron expostas en numerosos congresos

<sup>1</sup> Tradución do orixinal en italiano de Antón Costa Rico.

<sup>2</sup> Antonio Viñao Frago, «Higiene, salud y educación en su perspectiva histórica», *Areas. Revista Internacional de Ciencias Sociales*, n.º 20 (2000): 9-24; Sylvain Villaret, Jean Philippe Saint-Martin, «Écoles de plein air et naturisme: une innovation en milieu scolaire (1887-1935)», *Movement & Sport Sciences* 51, no. 1 (2004): 11-28; Pedro Louis

internacionais que rexistraron a participación de delegacións dos países onde se estaban a desenvolver tales institucións, no marco dunha máis ampla preocupación polas cuestións da hixiene escolar.<sup>3</sup>

As experiencias das escolas ao aire libre reclamaban, en particular, moita atención en distintos lugares de Europa e baixo diversas denominacións: *waldschulen* na área alemá, *open air schools* na área anglófona, *écoles en plein air* na área francesa (ou *écoles de plein air*), *escuelas al aire libre* na área española e *scuola all'aperto* en Italia.<sup>4</sup> Tales escolas xurdían por unha motivación médico-hixiénica unida á preocupación polo coidado do alumnado predisposto a sufrir a tuberculose e que, a miúdo, vivía en condicións de marxinação social debido a residir nos barrios marxinais das cidades. A esta motivación uníase unha razón pedagóxica: a conexión coa nova sensibilidade que desde os primordios do século XX procuraba modos didácticos alternativos aos presentes nas escolas tradicionais, no contexto do movemento internacional das Escolas Novas.<sup>5</sup>

As escolas ao aire libre foron tamén en moitas ocasións espazos de experimentación de innovacións didácticas, cando menos aquelas conectadas á utilización intencional do ambiente natural como fonte de coñecemento e de experiencias. De feito, naceron prevalentemente en lugares distanciados das cidades ou en parques onde a inmersión na natureza permitía a recuperación física e mesmo pensar nunha nova posibilidade peda-

Moreno Martínez, «The hygienist movement and the modernization of education in Spain», *Paedagogica Historica. International Journal of the History of Education* 42, no. 6 (2006): 793-815; Patrice Milewski, «Medico-science and school hygiene: a contribution to a history of the senses in schooling», *Paedagogica Historica. International Journal of the History of Education* 50, no. 3 (2014): 285-300; para Italia cfr. Claudio Pogliano, «L'utopia igienista (1870-1920)», en *Storia d'Italia. Annale 7 Malattia e medicina*, dir. Franco Della Peruta (Torino: Einaudi, 1984), 589-631; Franco Cambi, Simonetta Ulivieri, *Storia dell'infanzia nell'Italia liberale* (Firenze: La Nuova Italia, 1988), 53-80; Gaetano Bonetta, *Corpo e nazione. L'educazione ginnastica, igienica e sessuale nell'Italia liberale* (Milano: Franco Angeli, 1990).

<sup>3</sup> *III Congrès International d'Hygiène Scolaire, III Compte rendu Communications*, Paris, 2-7 aout 1910 (Paris: A. Maloine editeur, 1911).

<sup>4</sup> Junta para la Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, *Escuelas al aire libre (open air schools)* por Domingo Barnés, Imprenta de E. Raso López Madrid, 1910; Mairie De Barcelone Délégation de culture, *Institutions scolaire en plein air* (Barcelona, Tipografía Emporium, 1931); María del Mar del Pozo Andrés, «La utilización de parques y jardines como espacios educativos alternativos en Madrid (1900-1931)», *Historia de la educación XII-XIII* (1993-94): 149-184; Pedro Luis Moreno Martínez, «La protección de la infancia en Cartagena (1908-1936): Instituciones e iniciativas», *Historia de la educación*, no. 18 (1999): 127-147; María del Mar del Pozo Andrés, «Salud, higiene y educación. Origen del desarrollo de la Inspección Medico-Escolar en Madrid (1900-1931)», *Areas. Revista internacional de Ciencias Sociales*, no. 20 (2000): 95-111; José Mariano Bernal Martínez, «De las escuelas al aire libre a las aulas de la naturaleza», *Areas. Revista internacional de ciencias sociales*, no. 20 (2000): 171-182; Javier Rodríguez Méndez, «Architectural Renewal and Open Air Education in Spain (1910-1936)», en *L'école de plein air. Une expérience pédagogique et architecturale dans l'Europe du XX siècle/Open-Air Schools. An Educational and Architectural Venture in Twentieth-Century Europe*, dir. Anne Marie Châtelet, Dominique Lerch, Jean Noël Luc (Paris: Editions Recherches, 2003), 148-167; Mariano González Delgado, «La enseñanza de las ciencias en torno a las Open Air Schools en España: la perspectiva interaccionista de Enrique Rioja Lo Bianco (1924-1929)», en *Spazi formativi, modelli e pratiche di educazione all'aperto nel primo Novecento*, dir. Maria Tomarchio, Letterio Todaro (Milano: Maggioli editore, 2017), 171-198.

<sup>5</sup> Nathalie Duval, «L'Ecole des Roches, prototype et phare de l'Education nouvelle (1898-1940)», en *Spazi formativi, modelli e pratiche di educazione all'aperto nel primo Novecento*, dir. Tomarchio, Todaro, 83-190.

górico-didáctica, aínda que con formas diversificadas caso a caso, que só no presente son motivo de estudo histórico. Propiamente só nos últimos anos a historiografía recuperou esta temática, por mor do volume colectivo coordinado por Anne Marie Chatelet e mais polas investigacións de Geert Thyssen, por máis que, aínda faltan, segundo o meu parecer, investigacións centradas, alén da dimensión da historia social, naqueles casos singulares, nacionais como locais, que nos permitan examinar os específicos aspectos histórico-pedagóxicos e didácticos.<sup>6</sup>

### A primeira escola ao aire libre –*scuola all'aperto*– en Italia

Segundo a historiografía sobre a presente cuestión, Padua (Padova) foi a primeira cidade italiana en dotarse dunha escola ao aire libre. Foi creada por un grupo de médicos comprometidos na loita contra a tuberculose, cara a finais do século XIX, entre eles, Achille de Giovanni, Alessandro Randi e Alberto Graziani. O primeiro, Achille de Giovanni, fora un dos presidentes do primeiro congreso de hixienistas italianos que se organizara en Milán en 1881, e xunto con Alfonso Corradi de Pavia e Luigi Pagliani de Torino presentaran un informe sobre a tuberculose titulado *Della tisichezza polmonare nei rapporti con l'igiene*.<sup>7</sup> O empeño de De Giovanni pola causa do hixienismo en Italia, desde a segunda metade do XIX, con preocupación singular pola infancia, chegara a ter un certo recoñecemento internacional. Por exemplo, no opúsculo de Edward Peters de 1911 sinalábase o celo con que o clínico paduano promovera a asociación nacional contra a tuberculose, ben como a creación dun primeiro espazo aberto e de lecer na

<sup>6</sup> Anne Marie Châtelet, Dominique Lerch, Jean Noël Luc (dir.), *L'école de plein air. Une expérience pédagogique et architecturale dans l'Europe du XX siècle/Open-Air Schools. An Educational and Architectural Venture in Twentieth-Century Europe*, cit.; Marta Gutman, «Entre moyens de fortune et constructions spécifique. Les écoles de plein air aux États-Unis à l'époque progressiste (1900-1920)», *Histoire de l'éducation*, no. 102 (2004), 157-180; Anne Marie Châtelet, «A breath of fresh air. Open-air schools in Europe», en *Designing Modern Childhoods: History, space, and the material culture of children*, dir. Marta Gutman, Ning De Coninck-Smith (New Brunswick-London: Rutgers University Press, 2008), 107-127; Anne Marie Châtelet, *Le souffle du plein air. Histoire d'un projet pédagogique et architectural novateur (1904-1952)* (Geneve: Metis Presses, 2011); Geert Thyssen, «Visualizing discipline of the body in a German open air school (1923-1939): retrospection and introspection», *History of education*, 36, no. 2 (2007): 249-251; ID., «New education within an architectural icon? A case study of a Milanese open air school (1922-1977)», *History of Education & Children's Literature IV*, no. 1 (2009): 243-277; ID., «The «Trotter» open-air school, Milan (1922-1977): a city of youth or risky business?», *Paedagogica Historica* 45, no. 1-2, (2009): 157-170; ID., Frederik Herman, Water Kusters, Sara Van Ruyskensvelde, Marc Depaepe, «From popular to unpopular education? The open-air school(s) of «Pont-Rouge», Roubaix (1921-1978)», *History of Education & Children's Literature V*, no. 2 (2010): 199-227; ID., «Engineered Communities? Industry, open-air schools, and imaginaries of belonging (c. 1913-1963)», *History of Education & Children's Literature X*, no. 2 (2015): 297-320; ID., «Boundlessly entangled: non-/human performances of education for health through open-air schools», *Paedagogica Historica. International Journal of the History of Education* 54, 5, (2018), 1-19; André Dalben, «Mais do que energia, uma aventura do corpo: as colônias de férias escolares na América do Sul (1882-1950)» (tese de doutoramento Università Statale di Campinas-Brasil, Orientadora Prof.ssa Carmen Lúcia Soares, 2014); para Italia cfr. Mirella D'Ascenzo, *Per una storia delle scuole all'aperto in Italia* (Pisa: ETS, 2018).

<sup>7</sup> Atti della prima riunione d'igienisti italiani (Milano: Stabilimento Giuseppe Civelli, 1881), 5, en Mirella D'Ascenzo, *Per una storia delle scuole all'aperto in Italia*, cit. 90.

contorna de Vicenza para, de camiño, impulsar a *scuola all'aperto*, a primeira desta clase en Italia.<sup>8</sup>

Alessandro Randi (1858-1944) era o médico que dirixía o Servizo de Hixiene –responsabilidade que tivo até 1932– e un dos principais promotores da loita contra a tuberculose e das institucións para os nenos pobres e desgraciados como colonias, lugares de lecer e, por fin, escolas ao aire libre. Tamén participou no VI Congreso Pediátrico Italiano de 1907, en que chamou a atención sobre a necesidade de atender non só a específica categoría dos tuberculosos, senón o conxunto dos nenos «que pasan moitas horas de cada día polas rúas ou baixo as circunstancias de míseras vivendas, pois non se sabe o que é peor, se o aire destas ou o de certas rúas mal orientadas, escuras, húmidas, e a miúdo inmundas e nauseabundas debido aos aires infectos».<sup>9</sup> Foi, ademais, un dos membros da delegación italiana ao terceiro Congreso Internacional de Hixiene Escolar realizado en París en 1910,<sup>10</sup> onde presentou un informe sobre a escola ao aire libre de Padua.<sup>11</sup>

Pola súa parte, Alberto Graziani foi o médico escolar que contribuíu á creación e á divulgación da escola ao aire libre de Padua, participou en diversos encontros como o IV Congreso Internacional de Educación Física en Bruxelas en 1912, no que realizou unha comunicación amplamente citada<sup>12</sup> e tamén editada na revista italiana *L'igiene della Scuola*, da que foi secretario de redacción e logo o seu director.

Así pois, en Padua creáranse as condicións favorábeis co nacemento do espazo de lecer de onde xurdiu a primeira escola ao aire libre en 1905, xustamente no ano en que a comunidade internacional lle atribuíu o premio a Robert Koch, o investigador alemán que en 1882 descubriera e describira o bacilo responsábel da tuberculose.<sup>13</sup> De certo, o movemento en favor das *open air schools* na cidade era anterior, e coetáneo ao nacemento da

<sup>8</sup> Eduard Peters, *La Scuola all'Aperto in Italia e l'ouvre du prof. Lauriti* (s. e., s.l., 1911), specie p. 7 e ss. Su Padova Alfredo Gutierrez, «Scuola all'aperto», en *Dizionario delle scienze pedagogiche. Vol. II*, dir. Giovanni Marchesini (Milano: s.n., 1929), 452-455; Società Editrice Libreria, Milano, 1929, vol. II, pp. 452-455; I. Marchetti, M. Fabietti, «Opere integrative della scuola», en *Pedagogia. Enciclopedia delle enciclopedie* dir. Emilia Formigini Santamaria (Roma: Formigini editore, s.d., circa 1931), 862-877; Carmelo Cottone, *La scuola all'aperto come «scuola nuova»* (Milano: Garzanti, 1952, 2.<sup>a</sup> ed.); Giacomo Ottonello, «Aperto, Scuole all'», en *Enciclopedia pedagogica. Vol. I*, ed. Mauro Laeng (Brescia: La Scuola, 1989), 755-758; Giuseppe Gasperoni, *L'assistenza igienico-sanitaria nelle scuole del Veneto. Relazione storica con dati statistici e 66 incisioni* (Treviso: Arti grafiche Longo e Cappelli, 1925).

<sup>9</sup> Alessandro Randi, «Ricreatori e scuole all'aperto per i fanciulli deboli», en *Atti del VI Congresso pediatrico italiano tenuto a Padova dal 2 al 6 ottobre 1907*, (Padova: Regio Stabilimento P. Prosperini, 1908), 6, citado tamén en Patrizia Zamperlin, «Salute e scuola nei primi anni del Novecento a Padova», en «*Raggi di Sole*» sulle mura di Padova: scuole e strutture ospedaliere contro la tubercolosi, dir. Vittorio Dal Piaz (Padova: Il Prato casa editrice, 2013), 48.

<sup>10</sup> III Congrès international d'hygiène scolaire, III Compte rendu Communications (Paris, 2-7 aout 1910, A. Maloiné editeur, Paris, 1911), 97.

<sup>11</sup> Alessandro Randi, Lieux de récréation et écoles au plein air a Padoue, en III Congrès international d'hygiène scolaire, citado en Alberto Graziani, «La scuola all'aperto in Padova», *L'igiene della scuola*, no. 14 (1914): 25.

<sup>12</sup> Sherman C. Kingsley, Fletcher B. Dresslar, *Open air schools* (Washington: Government printing Office 1917), 145-149.

<sup>13</sup> Institut Jean Jacques Rousseau da Univerasidade de Xenebra, Fondo Adolphe Ferrière, A 67-2, Mario Ragazzi, «L'école de plein air en Italie», en *Congrès International de Protection de l'Enfance*, (Paris: s.n., 1928), 317-323.

primeira escola ao aire libre europea, que foi a alemá de Charlottenburg. En 1899 creárase na cidade o Comité Padovano della Lega contro la Tuberculosis, fundado polo médico e senador Achille de Giovanni, no marco da Società d'Igiene para a cidade e a provincia de Padua. En 1902 nació o Comité de Socorro aos Tuberculosos Pobres e en 1908 a Asociación Paduana contra a Tuberculose «Raggio di Sole», transformada, finalmente, en obra pía na posguerra de 1945.

A medicina social e a cuestión hixiénica foron, pois, a base deste excepcional empeño da sociedade civil, da universidade e da administración municipal na loita contra a tuberculose e outras formas de enfermidade que tiñan graves repercusións na vida da poboación infantil.<sup>14</sup> Alessandro Randi dirixía o mencionado comité de socorro aos tuberculosos pobres e ao mesmo tempo o servizo de hixiene municipal: unha dobre responsabilidade, realmente estratéxica, que fixo posíbel a creación dun primeiro espazo de lecer, coa contribución da Cruz Vermella, e que proveu as tendas e outros materiais,<sup>15</sup> sobre un terreo municipal, intitulado «Raggio di sole», case ao mesmo tempo que a primeira *Waldschule* de Charlottenburg, en cuxa organización se inspiraba. A inauguración tivo lugar en setembro de 1905, coa presenza do alcalde Giacomo Levi Civita, sobre un baluarte das murallas cinco veces centenarias de Padua. Seguiulle unha segunda aula ao aire libre en 1910 e outra en 1920 cun intenso desenvolvemento de iniciativas nos anos sucesivos, segundo un programa filantrópico levado a cabo por concelleiros municipais e técnicos coordinados por Alessandro Randi.

### Prácticas hixiénicas e didácticas *open air*

En 1907 o espazo de lecer Raggio di Sole foi transformado definitivamente en escola ao aire libre para uns cincuenta alumnos, e estar xestionada por profesorado municipal, que impartía o programa escolar habitual, mais con particularidades metodolóxicas, suxeridas pola circunstancia do *open air* e mais pola necesidade de alternar o ensino coas horas de sol e aire e co ensino da ximnasia, algo favorecido ademais pola «Asociación de Ximnasia» local, que colaborou coa Asociación contra a Tuberculose na organización das actividades. De feito, «the president of the association has ruled that all the girls shall attend the lessons without corsets, wearing broad-toed shoes, and without earrings»<sup>16</sup>.

Era unha escola con coeducación de sexos, en que se promovían a observación directa da natureza, as actividades expresivas, o debuxo libre e os procedementos indutivos desde o coñecido ao descoñecido, con atención á concreción dos obxectos. Polo demais, Padua, non debemos esquecerlo, fora a sede do ensino universitario de Roberto Ardigò,

<sup>14</sup> Gaetano Lenci, «La lotta contro la tubercolosi a Padova tra Ottocento e Novecento: scuole all'aperto e il «Da Monte» sulle mura cinquecentesche», en «*Raggi di Sole*» sulle mura di Padova: scuole e strutture ospedaliere contro la tubercolosi, ed. Dal Piaz, 35-46; sobre a escola ao aire libre de Padua cfr. A breve contribución de síntese di Pier Paola Penzo, «Les villes italiennes et les écoles de plein air (1907-1931)», en *L'école de plein air* eds. Châtelet, Lerch, Luc, 128-147, logo traducido en EAD., *L'urbanistica incompiuta. Bologna dall'età liberale al fascismo 1778-1929* (Bologna: Clueb, 2009), 87-102.

<sup>15</sup> Kingsley, Dresslar, *Open air schools*, 145.

<sup>16</sup> *Ibidem*, 146.

un dos maiores expoñentes italianos do positivismo pedagóxico, que apoiou o método obxectivo e as leccións de cousas.

A experiencia paduana, sostida pola administración municipal, por filántropos e por médicos dedicados á loita contra a tuberculose e as enfermidades infantís, chegou a ser un modelo para as escolas italianas ao aire libre, de aí que sexa citada regularmente como modelo, tanto no plano hixiénico como no pedagóxico, e sexa definida pola cultura pediátrica da época como «unha das mellores da época».

Na citada *L'igiene della scuola* Graziani publicou un artigo de Randi en que este, ademais de referirse ao proceso de creación da escola ao aire libre de Padua, sinalaba as actividades que se desenvolvían nela, de modo que cabo das ximnásticas, musicais e de natureza hixiénica, Randi indicaba tamén as de axardinamento, realizadas seguindo as propostas do libro *Il giardinaggio spiegato ai bambini*<sup>17</sup> de Lucy Latter:

As leccións de ximnasia son explicadas por ensinantes da asociación ximnástica e do deporte, o canto é reservado á directora, así como o axardinamento, para o que teñen unha guía sabia nun manual precioso (Lucia R. Latter – *Il giardinaggio insegnato ai bambini*), que nos doou xentilmente a baronesa Alice Franchetti, intelixente cultivadora dos estudos pedagóxicos, amadora da floricultura e da horticultura, de quen fai un ben merecido eloxio a súa tradutora, Bice Ravà, no fermosísimo prefacio. Os traballos de axardinamento constitúen a ocupación predilecta dos nosos nenos e, mesmo para apoiar esta súa inclinación, propoñémoslles facelas sempre máis satisfactorias completando e perfeccionando isto e outros argumentos afíns do noso programa.<sup>18</sup>

Non só, o axardinamento, senón tamén outras actividades didácticas máis estabelecidas, eran desenvolvidas o máis posíbel ao aire libre:

Mais as leccións ao aire libre, como se indicou, só en ocasións se realizan baixo os pavillóns, que de ordinario están reservados ás leccións escritas. Cando o tempo o permite, téñense fóra dos pavillóns e dos bancos todas as leccións orais, sobre a herba, á sombra das árbores. Os nenos sentan nos seus pequenos tallos ou sobre unha mantiña dobrada, como para formaren unha especie de suave almofada comodísima.<sup>19</sup>

As vantaxes no plano hixiénico, didáctico e de ben estar integral resultaban innegábeis:

Vantaxes no aspecto e nas condicións xerais, no desenvolvemento esquelético muscular, aumento de peso, desaparición dos tradicionais catarros bronquiais, curación completa de adenopatías e de afeccións dos ósos e das articulacións (...) Incluso nos aspectos pedagóxicos non podían faltar os resultados e isto non nos sorprende: as leccións ao aire libre, cando tratan da natureza, encontran o ánimo dos nenos máis benevolente para aprendelas.<sup>20</sup>

O mesmo Graziani dará ao prelo en 1914 un importante opúsculo en que percorría analiticamente todas as etapas da historia da escola ao aire libre de Padua, xunto cunha

---

<sup>17</sup> Traduc.: O axardinamento explicado aos nenos.

<sup>18</sup> Alessandro Randi, «I ricreatori e le scuole all'aperto a Padova», *L'igiene della scuola*, I, no. 1 (1910): 10.

<sup>19</sup> *Ibidem*, 12.

<sup>20</sup> *Ibidem*.

recensión dos artigos aparecidos nos principais xornais italianos sobre a cuestión e unha primeira bibliografía italiana ao respecto, así como un elenco dos premios e recoñecementos xa obtidos por esta pioneira experiencia italiana, caso da Exposición Internacional de Turín de 1911 e de varias exposicións nacionais e internacionais de hixiene.<sup>21</sup> Neste mesmo opúsculo, Graziani indicaba que o volume de Latter que el utilizaba fora enviado por Alice Franchetti á escola de Padua, que ela mesma visitara en 1909.<sup>22</sup> A presenza das actividades de axardinamento, inspiradas pola Latter, informa aos investigadores non só das prácticas didácticas, senón tamén dá referencias sobre a circulación e a difusión en Italia da orientación do *nature study*, da que a Latter era unha das impulsoras. A educadora inglesa, directora da *Invicta Infans School* de Londres, coñecera na súa viaxe a América as novas orientacións do *nature study* difundidas nos EE. UU. e en Inglaterra pola Nature Study Union, á luz das que afondara a potencialidade educativa e didáctica do estudo da natureza nas aulas no seu texto *School Gardening for Little Children* (1906). Nel, Latter presentaba un percorrido didáctico consistente na observación e no estudo do ciclo vital das plantas, de horto ou de xardín, a partir das sementes até os froitos e flores, co fin de favorecer a competencia científica e tamén a capacidade manual, a cooperación e o coidado da natureza:

Mentres os outros nenos se ocupan de traballos doutro tipo, aínda que sempre ligados á natureza, os maiores observan e anotan no seu caderno de notas os máis simples fenómenos relativos ao tempo e os cambios rexistrados nas plantas que están na aula (*calendar work*); aqueles que están nas aulas dos máis pequenos fan no seu encerado debuxos destinados a unha vida máis ou menos breve, nos que reproducen plantas ou obxectos que están á súa vista. Fan o estudo das medidas, dos pesos, do que custan monetariamente (os nenos saen da aula coa mestra a mercaren a comida para as pombas, as citas para as fiestras, sementes, cordas, cravos) e en todo canto é posíbel a lectura e a escritura son conectadas cos traballos de axardinamento.<sup>23</sup>

En 1906 Alice Hallgarten, dona do barón Leopoldo Franchetti, e promotora canda el da iniciativa educativa e escola para campesiños na súa casa da Montesca e Robigliano, en Umbría, á beira de Città di Castelo, dirixiuse a Londres para unha das súas numerosas viaxes de estudo. Alí participou na conferencia da Nature Study Union, onde coñeceu a Lucy Latter e a súa experiencia no *kindergarten* da Invicta School. Por mor da invitación desta nobre dama, Latter foi a Montesca en 1907 onde introduciu os principios e os procesos educativos e didácticos experimentados en Londres, se ben adecuándoos ás circunstancias da poboación local (fillos e fillas de campesiños). A mesma baronesa fíxolle posteriormente o encargo a Bice Ravà de traducir o libro inglés da Latter, de 1906, que se editou en Italia como *Il giardinaggio spiegato ai bambini*, e no seu prefacio a editora subliña

<sup>21</sup> Graziani, «La scuola all'aperto in Padova», 20-26.

<sup>22</sup> *Ibidem*, 20.

<sup>23</sup> Lucy Latter, *School gardening for little children* (London, Sonnenschein & Co, 1906 (*Il giardinaggio spiegato ai bambini*, traducido ao inglés por Bice Ravà (Roma-Milano: Società Editrice Dante Alighieri di Albrighi, Segati, 1908), 41-42; Sally Gregory Kohlstedt, *Teaching Children Science: Hands-On Nature Study in North America, 1890-1930* (Chicago and London, The University of Chicago Press, 2010).

a conexión entre a tradición de Pestalozzi e Fröbel coa procura da Latter.<sup>24</sup> Na escola de Montesca tamén se introduciu de forma sistemática a observación da natureza xunto co debuxo libre en todo o tempo de cada ano, atendendo ao calendario, para o que:

Sobre unha gran folla de papel dividida a lapis en espazos regulares, á que se lle dá o nome de *calendario*, cada mañá e por quendas, un alumno da aula deseña un obxecto característico da estación, que el mesmo seleccionou: por exemplo, unha polliña de brote recente, unha flor, ou un froito recollido vindo camiño da escola. E os alumnos manexan o calendario mesmo antes de saberen escribir.<sup>25</sup>

A isto engadíannlle observacións sistemáticas meteorolóxicas diarias, ao principio con debuxos sinxelos, e logo con instrumentos máis refinados, como o pluviómetro e o termómetro, e aínda con observacións sobre:

A dirección do vento, as nubes, as informacións referidas aos traballos labregos, as colleitas etc. da estación que correspondera. Os nenos de 3.º, 4.º e 5.º elaboran rexistros máis simples, mentres que os de 6.º teñen o caderno de observacións meteorolóxicas completas e en cada década, por quendas, preparan a medida das temperaturas máximas e mínimas, con información agraria, que transcriben con cartolinas que a propósito lles manda o Observatorio Meteorolóxico de Roma, a onde as reenvían.<sup>26</sup>

Esta experiencia de Latter en Italia e mais a práctica ordenada cientificamente de xardinaría nas escolas primarias rurais difundíronse entre as máis innovadoras experiencias escolares italianas, incluídas as escolas ao aire libre, converténdose nunha práctica didáctica que unía a motivación hixiénica coa renovación pedagóxico-didáctica. A documentación impresa consultada non nos permite coñecer as prácticas didácticas desenvolvidas concretamente, ademais das sinaladas, sobre todo nos anos posteriores. En todo caso, podemos confirmar que en 1943 existía a intención de experimentar modelos didácticos distintos nas varias aulas ao aire libre que se desenvolvían en Padua, pero sen que este desexo se puidese cumprir:

No pasado, a dirección didáctica central tería querido darlle a cada unha destas aulas unha singular orientación didáctico-educativa. Orientación *montessoriana* na aula Francesca Randi; *agazziana* na aula Camilo Aita; ecléctica na aula Enrichetta Luzzato. Tal iniciativa, que non tivo continuidade, tiña o mérito de animar os ensinantes intelixentes e curiosos a profundaren e ampliaren a experiencia persoal, para adaptar mellor o programa didáctico común ás singulares esixencias de cada escola, coa axuda dun adecuado mobiliario escolar e dunha suficiente dotación de materiais didácticos científicos.<sup>27</sup>

<sup>24</sup> Roberta Fossati, «Il lavoro culturale e la vita affettiva di Alice Hallgarten Franchetti», en *Leopoldo e Alice Franchetti e il loro tempo*, dir. Paola Pezzino, Alvaro Tacchini (Città di Castello: Petrucci, 2002), 57-194; Sante Bucci, «La scuola della Montesca. Un centro educativo internazionale», *Ibidem*, 195-242; Erica Moretti, «Pedagogia della terra. Gli esperimenti educativi di Alice Hallgarten e Leopoldo Franchetti», *Zapruder. Storie di classe*, no. 26 (2011): 140-145.

<sup>25</sup> «Appendice. Catalogo ragionato degli oggetti esposti dalle scuole rurali private de la Montesca e di Rovigliano vicino a Città di Castello (Umbria) nella tenuta del senatore Leopoldo Franchetti (edizione 1916)», en Giuseppe Lombardo Radice, *Athena fanciulla. Scienza e poesia della scuola serena* (Firenze: Bemporad & Figlio, 1925), 436.

<sup>26</sup> *Ibidem*.

<sup>27</sup> Arturo Mazzeo, *L'educazione all'aperto* (Padova: CEDAM, 1943), 20.



Nos anos posteriores, as escolas ao aire libre paduanas continuaron a súa existencia, atravesaron o período fascista e foron sempre recoñecidas como unha experiencia pioneira e innovadora tamén internacionalmente.<sup>28</sup> A esta experiencia dedicáronse algunhas páxinas nun informe do Ministerio de Educación Nacional de 1940, que sinalaba a primoxenitura en Italia do espazo de lecer –aquí denominada «colonia»– mediante o inicio dunha específica escola ao aire libre en 1906-1907: «con 90 alumnos, divididos en tres seccións, escollidos polo médico escolar nun centro escolar próximo entre o alumnado máis feble e predisposto».<sup>29</sup>

A experiencia paduana era presentada con detalle e interpretada como plenamente «fascistizada», se ben consérvase unha interpretación moito máis polémica de Michele Crimi, que era na altura un inspector vixiado polo Réxime dada a súa falta de adhesión ao fascismo. Nesta súa versión manuscrita do texto ministerial aparece unha especie de «contraescritura» anti-réxime acerca da experiencia da escola ao aire libre alí narrada, mesmo con comentarios polémicos, desde o seu coñecemento directo da experiencia. Exactamente, no que se refería a Padua, el denunciaba a operación demagóxica e haxiográfica do Réxime, que ademais non recoñecía a importancia histórica desta institución e o papel desenvolvido por Randi, de orientación radical e que non agradaba ao fascismo:

Documento de suma ingratidade por non incluír o nome do Dr. Randi, fundador do «Raggio di sole» e de todas as aulas ao aire libre de Padua, primeiras en Italia. Tiven a fortuna de volver visitalo en vía Belludi, 22, o 7 de maio de 1942, logo de visitar os pavillóns. El morreu durante a segunda guerra mundial. Conserve fotografías que publicarei se podo reunir os apuntamentos das outras visitas ás diversas escolas ao aire libre de Italia. Hai amplas informacións e fotos no informe de quen foi inspector de Roma, Gaetano Gilli, «La scuola all'aperto», Roma, 1911, e en publicacións do mesmo Randi, do Servizio Escolar de Padua.<sup>30</sup>

Pola súa banda, o volume do Ministero della Pubblica Istruzione do ano 1950 non fai ningunha mención da escola ao aire libre de Padua nin de ningunha outra, aínda que continuou a súa actividade na posguerra e no marco das escolas italianas ao aire libre.

<sup>28</sup> Angelo Golin, De la première école italienne en plein air – Padoue 1905- aux actuelles providences pour les enfants en âge scolaire. *Relation au Congrès International pour les écoles en plein air* –Bielefeld–Hannover (Allemagne) 1936 (Padova: Società Cooperativa Tipografica, 1941).

<sup>29</sup> Ministero dell'Educazione Nazionale, *Le Scuole all'aperto in Italia* [compilazione a cura di Giorgio Gabrielli] (Milano: Tip. Alfieri e Lacroix, 1940), 181.

<sup>30</sup> *Ibidem*, anotacións manuscritas de Crimi citadas por Maria Tomarchio, «Dall'educazione alla scuola all'aperto», en *Spazi formativi, modelli e pratiche di educazione all'aperto nel primo Novecento*, dir. Tomarchio, Todaro, 12 e D'Ascenzo, *Per una storia delle scuole all'aperto in Italia*, cit., 96.